

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A
VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR E O EIXO
ATLÁNTICO DO NOROESTE PENINSULAR
PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES
NO ÁMBITO DA XUVENTUDE**

Santiago de Compostela, a 26 de abril de 2006

Dunha parte, o excmo. Sr. Don Anxo Manuel Quintana González, Vicepresidente da Igualdade e do Benestar, que actúa en nome e representación da Xunta de Galicia en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 213/2005, do 3 de agosto, e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e o seu Presidente modificada pola Lei 11/1988, de 20 de outubro,

E por outra, o excmo. Sr. Don Xosé Antonio Sánchez Bugallo, Presidente do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, en virtude das facultades que lle confire o punto 2 do artigo 15º dos Estatutos do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular,

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos

EXPOÑEN

Primeiro.- O desenvolvemento de políticas públicas e privadas a nivel europeo preséntase como unha estratexia para a consolidación da unidade europea e rexional na medida en que contribúe a atenuar as asimetrías existentes, nomeadamente nas vertentes económica, política e en especial da xuventude, e de modo especial na área de cooperación transfronteiriza.

Segundo.- A Declaración sobre o Rexionalismo en Europa, aprobada nos Estados Xerais da Asemblea de Rexións de Europa (ARE) en 1996, da cal a Rexión Norte de Portugal e Galicia forman parte, prevé expresamente no seu artigo 16 a posibilidade das Rexións de poderen “(...) celebrar tratados, Acordos e protocolos de Intencións internacionais”.

As rexións promoverán a cooperación entre si, bilateral ou multilateral, co fin de realizar proxectos comúns, tendo as rexións dereito a establecer representacións propias en terceiros Estados e perante as Organizacións Internacionais, partes no presente

protocolo, se esa fose a vontade das partes e se seus principios orientadores así llo permiten.

Terceiro.- A cooperación transfronteiriza entre a Rexión Norte de Portugal e a Comunidade Autónoma da Galicia busca: “ (...) permitir o máximo aproveitamento das oportunidades de desenvolvemento socioeconómico, cultural e turístico, marcados pola crecente interdependencia e a solidariedade interrexional, así como a coordinación e o aproveitamento das iniciativas comunitarias neste senso (...).”, de acordo e no ámbito do Tratado de Valencia.

Cuarto.- Que unha das liñas prioritarias da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a través da Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade é promover a cooperación transfronteiriza entre a xuventude na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, para permitir ó máximo ese aproveitamento referido no parágrafo anterior.

Quinto.- Que o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular é unha asociación transfronteiriza integrada polos 18 principais concellos de Galicia e a rexión Norte de Portugal, o que se denomina o sistema urbano, para promover a cohesión económica, social e cultural da eurorrexión mediante a vertebración dun territorio en común, estratexia na que xoga un papel prioritario as políticas de xuventude.

Sexto.- Que tendo en conta as vontades de ambas partes de realizar conxuntamente proxectos, e considerando que unha actuación coordinada e global no campo da xuventude pode xerar un efecto multiplicador e demostrativo de considerable importancia, cómpre que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular artellen a mellor fórmula de cooperación para desenvolver actuacións en común no eido da xuventude.

Sétimo.- Que por isto acordan asinar o presente documento con arreglo as seguintes cláusulas,

ACORDAN

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto o establecemento dun marco de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, para promover actividades para a xuventude do Eixo Atlántico.

SEGUNDA.- As partes asinantes do presente convenio, no marco da colaboración establecida polo mesmo, comprométense á realización conxunta das seguintes actuacións para o ano 2006:

1. Creación dun Forum de Xuventude do Eixo Atlántico
2. Programa de Apoio á creación de Redes Informais de xoves.
3. Implementación de estudos e loxística preliminar para a execución de programas de campos de traballos transfronteirizos.
4. Manual de Boas Prácticas de Xuventude no Eixo Atlántico

TERCEIRA.- O Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular comprométese a :

1. Ao desenvolvemento dos estudos, contactos e apoios a concretizar ben no ámbito do Forum de Xuventude do Eixo Atlántico, na concepción dos proxectos para a creación de Programa de Apoio a Redes de Informais de xoves, nos campos de traballo transfronteirizos ou ben no manual de boas prácticas de Xuventude.
2. A manter informada á Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade sobre todas as cuestións relacionadas co desenvolvemento do presente convenio.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a través da Dirección Xeral da Xuventude comprométese a:

1. Facilitar apoio informativo para a realización das actividades descritas na cláusula segunda, a través dos recursos dos que dispón a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, englobados dentro da estrutura da Rede de Información Xuvenil; a través da mesma publicitaranse as actividades desenvolvidas ao amparo do presente convenio.
2. Facilitar o asesoramento técnico preciso en relación á elaboración de estudos e loxística preliminar para a execución de campos de traballo transfronteirizos, proporcionando a información e experiencia acumulada pola Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade na organización e xestión de campos de traballo internacionais.
3. Contribuír cun apoio económico de vinte mil euros (20.000.00 €) con cargo á partida orzamentaria 05.32.355B.640.0 dos presupostos da Comunidade Autónoma para o ano 2006, para o cofinanciamento das devanditas actividades.
4. Efectuar o libramento que, a petición do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, se deriven como consecuencia das accións realizadas polos conceptos expresados, mediante único pago expedido pola Dirección Xeral de Xuventude.

CUARTA.- En toda difusión de material ou publicidade que xere a realización das actividades recollidas no presente convenio, se fará referencia expresa á colaboración levada a cabo entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, incluíndose a imaxe corporativa de ambas institucións.

QUINTA.- O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e entenderase a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2006.

SEXTA.- Constitúese unha comisión mixta de coordinación e seguimento que será a encargada de informar, expoñer e denunciar o convenio, de selo caso, así como resolver as dúbidas e controversias que durante a súa execución podan xurdir, que estará constituída por:

- O director xeral de Xuventude e Solidariedade, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- O Secretario xeral do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular.

A propia comisión acordará o réxime e calendario de reunións.

SÉTIMA.- A subscrición do presente convenio non conleva relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos que as actuacións puideran orixinar.

OITAVA.- O presente convenio ten carácter administrativo e, en consecuencia, as cuestións xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos serán resoltas, en primeira instancia, pola Comisión de Coordinación e Seguimento. As cuestións litixiosas non resoltas no seo da devandita comisión someteranse ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes no lugar e data que se sinalan no encabezamento

**O VICEPRESIDENTE
DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

**POLO EIXO ATLÁNTICO DO
NOROESTE PENINSULAR**

Asdo.: Anxo Manuel Quintana González

Asdo.: Xosé Antonio Sánchez Bugallo